

Confianza empresarial. Cuarto trimestre de 2010

NOTA DE PRENSA

No cuarto trimestre de 2010 a confianza empresarial diminúe 6,5 puntos con respecto ao trimestre anterior

A confianza empresarial por sectores

Os datos do cuarto trimestre de 2010 do “Índice de confianza empresarial”, elaborado polo Instituto Galego de Estatística, reflicten que o indicador total¹ diminúe en 6,5 puntos con respecto ao trimestre anterior, pasando de -26,5 a -33,0.

Por sectores, todos presentan unha diminución do valor con respecto ao trimestre anterior. O indicador no comercio polo miúdo presenta a tendencia máis desfavorable cunha caída de 13,8 puntos; no resto de servizos diminúe 6,8 puntos. Na construción o índice presenta unha caída de 9,2 puntos e na industria de 1,5.

ÍNDICE GALEGO DE CONFIANZA EMPRESARIAL (IGACE)

Ano	Trimestre	ÍNDICE XERAL	POR SECTORES			
			Industria	Construción	Comercio polo miúdo	Resto servizos
2007						
	I	22,8	18,8	17,6	15,2	26,2
	II	14,8	10,4	18,6	11,1	15,7
	III	6,7	2,3	1,4	6,0	9,7
	IV	-6,1	-7,9	-14,7	-11,7	-2,7
2008						
	I	-12,2	-10,6	-18,7	-8,8	-11,3
	II	-23,5	-22,8	-26,7	-25,9	-22,6
	III	-34,3	-39,2	-31,5	-27,2	-34,1
	IV	-43,4	-48,1	-44,0	-38,9	-42,1
2009						
	I	-34,9	-37,1	-27,1	-36,7	-36,1
	II	-27,6	-26,9	-30,5	-27,6	-27,1
	III	-28,9	-29,4	-42,1	-23,7	-25,8
	IV	-25,5	-26,2	-32,5	-21,8	-23,9
2010						
	I	-18,7	-21,1	-18,3	-14,2	-18,5
	II	-23,2	-19,1	-32,8	-13,1	-23,2
	III	-26,5	-25,1	-40,8	-12,7	-24,7
	IV	-33,0	-26,6	-50,0	-26,5	-31,5

Fonte: IGE. Confianza empresarial

Nota: Datos provisionais. Datos de 2007-2008 recalculados polo cambio da CNAE-2009 e nova estratificación

¹ O indicador de confianza empresarial varía de -100 a 100, sendo o valor 0 o punto neutral; valores positivos do indicador indican optimismo e valores negativos indican pesimismo por parte dos empresarios

Previsións para o primeiro trimestre do ano 2011

En canto ás previsións dos empresarios para o primeiro trimestre do ano 2011, o 47,3% considera que se manterá estable o resultado neto de explotación, o 60,2% que se manterá estable o emprego e o 66,3% que se manterán estables os investimentos.

PREVISIÓN DOS EMPRESARIOS PARA O PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2011

Unidade: porcentaxe de empresas

Sector	Variable	Incremento	Estabilidade	Diminución
Total				
	Resultado neto explotación	5,3	47,3	47,3
	Emprego	2,4	60,2	37,4
	Investimentos	3,7	66,3	30,0
Industria				
	Resultado neto explotación	6,5	45,1	48,5
	Emprego	3,0	51,5	45,5
	Investimentos	4,7	62,3	33,0
Construción				
	Resultado neto explotación	0,2	46,6	53,2
	Emprego	0,6	46,0	53,5
	Investimentos	2,1	70,1	27,8
Comercio polo miúdo				
	Resultado neto explotación	5,6	50,0	44,4
	Emprego	0,3	82,8	17,0
	Investimentos	0,4	81,7	17,9
Resto de servizos				
	Resultado neto explotación	6,5	48,0	45,5
	Emprego	3,1	64,3	32,6
	Investimentos	4,5	63,9	31,6

Fonte: IGE. Confianza empresarial

Nota: Datos provisionais

Información detallada:

http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307006003

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_confianza_empresarial_gl.pdf

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
 Complexo Administrativo San Lázaro s/n
 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
 Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?paxina=006006001&idioma=gl>
 Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
 FAX: 981.54.13.23
 Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>